

NORMATIVA, PROCEDEMENTO E EFECTOS DA AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE (QUINQUENIOS)

(Acordada no Consello de Goberno do 02/12/2024)

1. OBXECTO

O profesorado universitario poderá someter a unha avaliación perante a Universidade en que preste os seus servizos a **actividade docente realizada** durante períodos de cinco anos en réxime de dedicación a tempo completo, ou período equivalente, se a prestou en réxime de dedicación a tempo parcial.

Superada favorablemente a avaliación, o profesor adquirirá e consolidará por cada unha delas un compoñente por méritos docentes.

O profesorado que cambie de corpo ou pase a ocupar outra praza do mesmo corpo conservará no novo corpo ou praza o compoñente por méritos docentes que adquirira no anterior corpo ou praza, ao que se lle acumulará o que poida obter en sucesivas avaliacións.

2. NORMATIVA

Real decreto 1086/1989 (BOE do 09-09-89).

Orde do 03-11-1989 (BOE do 04-11-89).

Resolución do 26-09-1989 (BOE 05-10-89).

Resolución do 03-05-1990 (BOE 19-05-90).

Resolución do 20-06-1990 (BOE 30-06-90).

Resolución do 08-03-1991 (BOE 15-03-91).

Acordo da Xunta de Goberno do 28-05-2001 (acordo para a integración da titulación universitaria de Relacións Laborais).

Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo (DOG do 14 de abril de 2011).

Acordo do Consello de Goberno do 02-06-2020 (sobre renuncia de quinquenios recoñecidos anteriormente)

3. REQUISITOS

Poderán presentar as solicitudes o persoal funcionario de carreira ou interino dos corpos docentes universitarios, o profesorado contratado doutor fixo ou interino, o profesorado permanente laboral fixo ou interino e mailos axudantes doutores/as en servizo activo e réxime de dedicación a tempo completo que cumpran dentro do ano 2024 cinco anos de servizos docentes sen avaliar (con dedicación total ou equivalente en dedicación parcial).

Tamén poderá presentar a súa solicitude o persoal docente que preste servizos na Universidade de Vigo en réxime de dedicación a tempo parcial, os cales poderán someter a avaliación a súa actividade docente, aínda que os correspondentes efectos económicos se xerarán soamente a partir do momento no que pasen a prestar servizos na Universidade como parte do cadro de persoal a tempo completo.

Así mesmo os/as contratados/as posdoutorais con dereito a impartir docencia (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Isidro Parga Pondal, Juan de la Cierva, Ángeles Alvariño, e doutros programas posdoutorais da Universidade de Vigo, da Xunta de Galicia ou do Estado que permitan impartir docencia en POD), poderán someter tamén a avaliación a súa actividade docente nunha convocatoria extraordinaria, aínda que os correspondentes efectos



económicos se xerarán soamente a partir do momento no que pasen a prestar servizos na Universidade como parte do cadro de persoal a tempo completo (laboral axudante doutor, profesor/a permanente laboral ou nalgunha figura funcional).

Así mesmo, o persoal que a 31 de decembro de 2024 se atope en situación de servizos especiais, excedencia voluntaria ou calquera outra situación de excedencia que dea dereito á reserva de posto de traballo, poderá presentar a solicitude de avaliación docente, aínda que os dereitos económicos non se devindicarán ata o momento do seu reingreso na Universidade en réxime de dedicación a tempo completo.

Aos efectos do cómputo de anos que da dereito a ser avaliado, se considerará como **período docente**:

- O tempo que acredite prestado en Universidades Públicas na realización dalgún dos seguintes programas:
 - a) Predoutorais:
 - Persoal dos programas de formación predoutoral da Universidade de Vigo ou da Xunta de Galicia.
 - Investigadores en formación FPI ou FPU.
 - b) Posdoutorais:
 - Persoal contratado de programas “Ramón y Cajal” e “Juan de la Cierva”.
 - Persoal contratado de programas Isidro Parga Pondal”.
 - Persoal contratado de programas “Ángeles Alvariño”.
 - Outros programas posdoutorais da Universidade de Vigo, da Xunta de Galicia ou do Estado.
- O tempo xustificado cun contrato ou nomeamento nalgunha universidade ou centro de investigación estranxeiro acreditado, así como no CSIC, noutro organismo público de investigación ou nas Universidades Públicas, distintos dos especificados no apartado anterior (**sempre que se desenvolvese nese período algunha actividade docente pola persoa solicitante**).

4. REGLAS ESPECÍFICAS

Os períodos avaliados negativamente non poderán ser obxecto posteriormente dunha nova solicitude de avaliación.

O período de actividade desenvolvida en situación distinta á de funcionario de carreira asimilárase, no seu caso e para os efectos económicos, como prestada no corpo en que ingresase como funcionario de carreira.

Cando cambie de corpo ou praza antes de completar o tempo preciso para unha avaliación, a fracción de tempo transcorrido considerárase como tempo de servizos prestados no novo corpo ou praza.

Para os efectos do cómputo de anos e poder obter o dereito a ser avaliado, o tempo en que se prestaran servizos docentes en réxime de dedicación diferente á de tempo completo ou asimilado será valorado en base ao principio de *pro rata temporis*, tal e como establece a Directiva 97/81/CE do Consello, de 15 de decembro de 1997, relativa ao Acordo marco sobre o traballo a tempo parcial concluído pola UNICE, o CEEP e a CES, na súa Cláusula 4, e ao artigo 12.4 d) do Estatuto dos Traballadores, no relativo ao contrato de traballo a tempo



parcial. Segundo a Directiva citada, establécese un recoñecemento *a prorrata* segundo o tempo de prestación de servizos, fixándose así a seguinte norma reguladora:

Profesorado a tempo completo – 100 %
Profesorado a tempo parcial P6 (180 horas) – 75 %
Profesorado a tempo parcial P5 (150 horas) – 62,50 %
Profesorado a tempo parcial P4 (120 horas) – 50 %
Profesorado a tempo parcial P3 (75 horas) – 37,50%

O persoal funcionario dos corpos docentes poderá solicitar a validación das avaliacións positivas de aqueles tramos da actividade docente recoñecidos con anterioridade ao seu acceso á función pública. Os efectos económicos serán dende a data de toma de posesión no correspondente corpo docente universitario.

5. EQUIVALENCIAS COMO PERÍODO DOCENTE

- Servizos especiais.
- Comisións de servizos en centros das administracións públicas.
- A situación dos representantes sindicais exentos de actividade docente.

6. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

O procedemento de solicitude e tramitación da convocatoria ordinaria será diferente segundo se trate da solicitude do primeiro quinquenio ou do segundo e sucesivos quinquenios.

Segundo ou sucesivos quinquenios

Unha vez aberta a convocatoria, o PDI que prestara servizos na UVigo de forma continuada desde a data de perfección do seu último quinquenio e que estea en condicións de solicitar o segundo ou sucesivos, recibirá un aviso vía e-mail informándolle de que ten unha comunicación dispoñible na sede electrónica da UVigo. Esta comunicación incluírá unha proposta de resolución conforme aos datos do seu expediente e conterá as indicacións de como debe proceder para a súa validación.

Primeiro quinquenio

O PDI que teña que solicitar o seu primeiro quinquenio, terá a súa disposición na sede electrónica, no catálogo de procedementos, un procedemento específico de solicitude. Con esta poderá achegar toda a documentación esixible así como aquela outra que considere oportuna. A solicitude irá dirixida ao Sr. Reitor da Universidade de Vigo e acompañada da seguinte documentación:

- a) Folla de servizos (certificado de servizos prestados). **O profesorado que soamente teña servizos na Universidade de Vigo non precisa presentala.** O profesorado que teña servizos noutras universidades públicas españolas e solicite a avaliación docente por primeira vez nesta universidade deberá presentar a folla de servizos (certificado de servizos prestados) e especificar as



datas, as categorías e as dedicacións.

- b) **PARA OS SERVIZOS DOCENTES PRESTADOS EN UNIVERSIDADES PÚBLICAS** COMO BOLSEIROS DE FPU/FPI, COMO PERSOAL DOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN PREDOUTORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO OU DA XUNTA DE GALICIA.

Bolsa: O tempo de servizos prestados deberase acreditar mediante documento acreditativo da concesión da bolsa e certificación, expedida polo organismo competente na materia da entidade, xustificativa do cumprimento/goce da bolsa/contrato, con indicación do tipo de bolsa/contrato e a data de inicio e fin de desfrute da devandita bolsa (día/mes/ano). Non será acreditación suficiente a presentación da credencial de concesión da bolsa ou da súa prórroga.

A certificación deberá tamén indicar a actividade docente, especificando o número de horas de docencia ao ano que realizou a persoa solicitante.

- c) **PARA OS SERVICIOS DOCENTES PRESTADOS** NO CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS, NAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS, NOUTROS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN, EN UNIVERSIDADES OU CENTROS DE INVESTIGACIÓN PÚBLICOS ESTRANXEIROS con contrato ou nomeamento distinto dos especificados no apartado anterior (**exclusivamente se nese período se desenvolvese algunha actividade docente**):

Contratos / bolsas: O tempo de servizos prestados no CSIC ou noutros organismos públicos de investigación, en universidades e/ou centros estranxeiros deberase acreditar mediante o contrato e certificación, expedida polo organismo competente na materia da entidade, xustificativa do cumprimento/goce da bolsa/contrato, con indicación do tipo de bolsa/contrato, o réxime de dedicación a tempo completo ou parcial e a data de inicio e fin de desfrute da devandita bolsa/contrato (día/mes/ano). Non será acreditación suficiente a presentación da credencial de concesión da bolsa ou da súa prórroga.

A certificación deberá tamén indicar a actividade docente, especificando o número de horas de docencia ao ano que realizou a persoa solicitante.

No suposto que dita certificación/contrato non sexa emitida no idioma galego ou castelán, deberá presentarse a correspondente tradución oficial (emitida por un tradutor xurado) do documento orixinal

Legalización e tradución oficial **dos documentos expedidos no estranxeiro**. --- Os trámites da legalización pode consultalos na páxina web do Ministerio de Educación ou a través da representación diplomática ou consular de España en dito país.

Informes sobre actividade docente na Universidade de Vigo

Todos os informes de departamentos e/ou centros sobre a actividade docente desenvolvida na Universidade de Vigo serán solicitados de oficio pola Área de Calidade, con independencia de que se trate do primeiro ou segundo/sucesivos quinquenios.

7. CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DO COMPLEMENTO DE ACTIVIDADE DOCENTE

A cualificación obtida nas enquisas de Avaliación Docente será tida en conta para a concesión do compoñente do complemento específico por mérito docente (quinquenio)



durante o período solicitado.

Para a concesión do devandito complemento será preciso:

- a) Informe da Xunta de Centro ou Centros nos que desenvolva a súa actividade docente. Este informe poderá ser Favorable ou Desfavorable, estará baseado nas actividades docentes do/a docente e as posibles reclamacións que, respecto do cumprimento das súas obrigas docentes básicas, se teñan presentado. Quedan expresamente excluídas as valoracións obtidas nas enquisas de avaliación docente. Os informes desfavorables deberán motivarse con base nas reclamacións existentes.
- b) Informe do Consello de Departamento. Este informe será Favorable ou Desfavorable, estará baseado nas actividades docentes do/a docente e as posibles reclamacións que, respecto do cumprimento das súas obrigas docentes básicas, se teñan presentado. Quedan expresamente excluídas as valoracións obtidas nas enquisas de avaliación docente. Os informes desfavorables deberán motivarse con base nas reclamacións existentes.
- c) Media simple das cualificacións globais obtidas nas enquisas de avaliación docente. Esta media calcularase facendo a suma das cualificacións globais obtidas no período solicitado dividido polo número de cualificacións. Non entrarán a formar parte da media aqueles cursos nos que a persoa solicitante non teña valoración. Se por algunha circunstancia excepcional non houbera ningunha cualificación no período solicitado, esta condición non será tida en conta.
- d) A concesión será automática para toda persoa solicitante que se atope nalgunha das seguintes situacións:
 - d.1) Cando o promedio das cualificacións globais medido nunha escala de 1 a 5 iguale ou supere o valor de 4,4 e non conte con informe favorable do Consello de Departamento nin da Xunta de Centro á que pertence.
 - d.2) Cando o promedio das cualificacións globais medido nunha escala de 1 a 5 iguale ou supere o valor de 3,6 e teña:
 - a) Informe favorable do Consello de Departamento.
Ou
 - b) Informe desfavorable do Consello de Departamento e informe favorable da Xunta de Centro á que pertence
 - d.3) Cando o promedio das cualificacións globais medido nunha escala de 1 a 5 iguale ou supere o valor de 2,5 e conte con informes favorables do Consello de Departamento e Xunta(s) de Centro(s).
 - d.4) Cando o promedio das cualificacións globais medido nunha escala de 1 a 5 iguale ou supere o valor de 1,5, conte con informes favorables do Consello de Departamento e Xunta(s) de Centro(s) e a suma da cualificación da enquisa coa valoración doutras actividades sinaladas no ANEXO I, avaliada pola Comisión Académica e de Profesorado (COAP), alcance o valor de 2,5.

A documentación relativa a este apartado será solicitada pola Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica e, só para aqueles casos nos que non se cumpra ningún dos criterios automáticos d1 a d3, polo que **non se deberá presentar no momento da solicitude.**

- e) Os casos das persoas solicitantes que non se atopen nunha das situacións descritas no punto anterior ou anteriores serán analizados pola COAP ou aquela outra Comisión



delegada do Consello de Goberno que teña as competencias a este respecto e que, nun prazo máximo de dous meses, resolverá atendendo ás posibles circunstancias excepcionais que poidan concorrer, ou remitirla á Xunta de Goberno.

- f) As actuacións da COAP ou Comisión Delegada referidas nos apartados d4) e e) virán precedidas dun informe emitido polos órganos de representación do PDI a través da mesa que se constitúa a estes efectos.

8. PRAZO E EFECTOS ECONÓMICOS

- A avaliación realizarase unha única vez ao ano.
- Os efectos económicos que correspondan iniciaranse o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se realizou a convocatoria, aínda cando a avaliación se efectuase con posterioridade á devandita data.
- En ningún caso a contía anual do compoñente do complemento específico por méritos docentes poderá exceder do resultado de superar favorablemente seis avaliacións.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente normativa entrará en vigor a partir da data da súa publicación

NORMATIVA DERROGADA

Queda derogada a anterior normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente acordada no Consello de Goberno do 19/11/2009 e modificada no Consello de Goberno do 29 de outubro de 2024.



ANEXO I

ACTIVIDADES A AVALIAR POLA COAP PARA APLICACIÓN DO CRITERIO d4.

Actividade	Puntuación
VAD C= I3+I6+I11+I12+13	0,2 VAD C
VAD D= I8	0,2 VAD D
VAD E= I2+I5+I9+I10	0,2 VAD E
Asistencia a cursos de formación docente organizados pola Universidade de Vigo	0,1 por cada 10 horas
Realización da propia tese doutoral	0,5
Docencia de materia impartida por 1ª vez polo/a profesor/a	0,03 por crédito
Docencia de materia impartida por 1ª vez na Universidade	0,06 por crédito
Máis de 2 materias	0,02 por crédito na 3ª e sucesivas materias
Máis dun campus	0,02 por crédito no 2º ou 3º campus
Outras circunstancias non previstas nos apartados anteriores e descritas nun autoinforme xustificativo: participación noutras comisións, outra docencia non retribuída, etc.	Ata 0,5

